



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### RESOLUCIÓN - CONVOCATORIA DE AXUDAS Á INSERCIÓN SOCIAL E PARA EMERXENCIAS SOCIAIS (2019) -

**Expte.** 2019/05  
**Asunto:** Aprobación da convocatoria de axudas á inserción social e para emerxencias sociais (2019)  
**Departamento:** Servizos sociais

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 47 do 8/03/17 publicáronse as bases específicas que rexerán a concesión de axudas á inserción social e para emerxencias sociais, aprobadas en sesión plenaria celebrada o 21/12/16.

Consta no presente expediente proposta de convocatoria elaborada polos Servizos Sociais municipais con data 21/02/19, co seguinte contido:

#### **“1. OBXECTO**

*O Concello de Nigrán convoca o outorgamento de axudas ou subvencións co obxectivo de satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias que se atopen en situacións carenciais, así como estimular a súa incorporación social e laboral.*

*As axudas para a inserción social e para emerxencias sociais constitúen unha prestación económica de carácter urxente e extraordinario, destinada a paliar situacións carenciais e transitorias imprevistas ou excepcionais, así como para previr o agravamento das mesmas, tales como a imposibilidade de satisfacer determinados gastos derivados do uso e goce da vivenda habitual (aluguer, hipoteca, fianza, electricidade, auga, etc), de atencións primarias (alimentación, vestido, coidados sanitarios, etc) e outras situacións de necesidade orixinadas por circunstancias que poñan en perigo a convivencia familiar ou a integración social dos beneficiarios.*

#### **2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS**

*A presente convocatoria rexeráse polas súas bases específicas, aprobadas por este Concello en sesión plenaria de 21/12/16 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 47 do 8/03/17, ademais de polo previsto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.*

#### **3. BENEFICIARIOS**

*Poderán beneficiarse das axudas de emerxencia social persoas individuais ou unidades familiares. Para poder concorrer deberánse cumprir os seguintes requisitos*

- 1. Ser maior de idade ou menor emancipado/a.*
- 2. Estar empadroados os membros da unidade familiar e ter residencia efectiva no concello de Nigrán cunha antelación mínima de 6 meses no momento da solicitude.*
- 3. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nas presentes bases.*





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### 4. FINANCIAMENTO

A contía máxima da convocatoria ascende a 20.000 euros con cargo á consignación orzamentaria reflectida na partida 231 48000 do Orzamento Xeral para 2018 prorrogado para o exercicio 2019. Terase en conta tamén a estes efectos a consignación orzamentaria máxima de 10.000 euros recollida na partida 231 2269903 do mesmo Orzamento Xeral.

### 5. CONTÍA DAS AXUDAS

O importe das axudas modularase atendendo ao concepto concreto da necesidade, á consecución do obxectivo de satisfacer ou axudar a cubrir a necesidade, ao gasto necesario para satisfacela, á situación socioeconómica do/a solicitante. A axuda poderá cubrir o gasto total de necesidade, cando así sexa avaliado polo/a traballador/a social que o fará constar no informe social.

### 5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Poderán presentarse solicitudes de axudas a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. O prazo para presentar solicitudes permanecerá aberto durante o resto do ano en curso.

As solicitudes presentaranse de acordo co establecido no apdo. 10 das bases específicas."

Visto canto antecede, **esta Alcaldía-Presidencia RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria para o ano 2019 de axudas á inserción social e para emerxencias sociais inserida no corpo da presente resolución, de conformidade coas bases específicas aprobadas en sesión plenaria do 21/12/16 e publicadas no BOP nº 47 do 8/03/17.

**SEGUNDO.-** Ordenar á Intervención municipal a remisión da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicidade, de acordo co previsto no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, abrindo o correspondente prazo de presentación de solicitudes.

**TERCEIRO.-** A presente resolución pon fin á vía administrativa, e que contra a mesma poderá interpoñerse alternativamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ditado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito.

O ALCALDE

